



COMPAÑÍA DE
RADIO/TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Telf.: 981 540 640
mail: crtvg@crtvg.es www.crtvg.es

Co obxecto de dar cumprimento á publicación das listaxes de contratación, aspecto recollido no punto 1.9 do Procedemento de Xestión de Chamamentos asinado o día 8 de outubro de 2012 e publicado na páxina web da CRTVG (www.crtvg.es/crtvg/oficina/listaxes-de-contratacion), é necesaria a súa autorización e o seu consentimento.

Así, achégolle os seguintes modelos para a súa cumprimentación:

1. Autorización e consentimento para a publicación das listaxes de contratación temporal na páxina web da CRTVG.
2. Comunicación de datos persoais.
3. A través do cal pode poñer de manifesto a dispoñibilidade para chamamentos en contratacións urxentes, segundo o establecido no punto 1.2 do Procedemento de Xestión de Chamamentos.
4. Segundo o cal vostede pode manifestar a dispoñibilidade para os chamamentos para contratacións nas delegacións da TVG, S.A. e RTG, S.A., sempre e cando estea incluído nalgunha das categorías de referencia que aparecen no mesmo.

O prazo de entrega da documentación solicitada é dunha semana desde a recepción do presente escrito, transcorrido o cal procederase á publicación das mencionadas listaxes con todos os aspirantes que deran o seu consentimento e entregaran debidamente cumprimentados os escritos de referencia.

De non ser así, vostede será excluído provisionalmente dos chamamentos e da listaxe que aparecerá publicada na páxina web ata que entregue a documentación debidamente cuberta e asinada.

A documentación, debidamente asinada, pode ser entregada directamente na División de Recursos Humanos da CRTVG ou enviada mediante correo electrónico á conta listaxes.contratacion@crtvg.es, ou por fax ó número 981 540 659.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2012.

O DIRECTOR DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS


CRTVG
COMPAÑÍA DE
RADIO/TELEVISIÓN
DE GALICIA
División de Recursos Humanos

Carlos Paz Miño.